

***Suxestión ao Concello de Esgos de ditar resolución expresa sobre a solicitude de cambio de localización dos contedores, con indicación expresa dos recursos que procedan contra a devandita resolución***

Expediente: N.9.Q/3477/20

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2022

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de dona XXX referente á ubicación dos contedores do lixo que, na súa opinión, diminuían a visibilidade da vía que une O Pinto con Rioseco.

**ANTECEDENTES**

A queixa foi tramitada e o día 24 de novembro de 2020 o concello comunicou a esta institución que, *malia que o persoal técnico desprazado non consideraba que os contenedores obstaculizaran a visibilidade da vía, desde a Alcaldía ían poñerse en contacto coa Deputación Provincial de Ourense para ver de instalar unha plataforma fixa donde ubicar os contenedores, nun lugar novo.*

Pasados os meses sen acometer a obra, a interesada dirixiuse á Valedoría demandando información sobre o estado do asunto. Finalmente, o 19 de xaneiro de 2022 remitiuse un novo informe desde o concello de Esgos co seguinte contido:

- *Con data 24-11-2020, despois de valoración da petición, emitiuse informe por parte da Alcaldía no que se manifestaba a tramitación das diferentes autorizacións co titular da vía para colocación de soporte e reubicación dos colectores obxeto da queixa.*
- *Que despois de varias manifestacións por parte dos veciños do pobo de Riobodas, na que se opoñían a nova reubicación dos colectores, con data 17-11-2021 presentan no rexistro do Concello recollida de sinaturas por parte dos veciños do mencionado pobo no que ratificaban a súa oposición, por diversos motivos, a nova reubicación.*

*Por todo o exposto anteriormente, e dado o interese xeral da maioría da veciñanza do pobo de Riobodas, por parte da Alcaldía tomouse a decisión de DESESTIMAR a queixa formulado por dona XXX ante a Valedora do Pobo, así como considerar que a ubicación de ditos colectores que levan máis de 20 anos na mesma ubicación non supoñen ningún perigo para a seguridade vial nin obstaculizan a saída a vía principal.*

Do contido deste novo informe dedúcese que o concello *non vai levar a cabo a obra indicada no seu día, polos motivos que sinala o propio documento municipal.*

### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

**PRIMEIRA.** É unha potestade discrecional do Concello o decidir onde se sitúan os contedores de residuos urbanos. Con todo, precisamente por esa discrecionalidad, trátase dun acto que debe motivarse debidamente, e máis no caso de que xurda unha solicitude ou unha proposta diferente, presentada por unha ou varias persoas, tal e como é o caso. Así, é preciso xustificar ante o veciño ou veciña o por qué desa localización e non outra a que a Corporación municipal considera correcta, e cales son as razóns para iso, polos motivos que a Administración local considere, tales como unha prestación do servizo máis eficaz, unha maior protección da salubridade pública, a seguridade viaria ou calquera outros.

**SEGUNDO.** A decisión e resposta do concello á solicitude ha de ser unha resolución administrativa, con *indicación da competencia, e os recursos que procedan contra a mesma*, de acordo co disposto na *lexislación en materia de procedemento administrativo*. De tal maneira que a persoa que propón, suxire ou manifesta se poida opoñer, polos canles adecuados, á actuación municipal se considera que esta non é correcta.

**TERCEIRO.** No caso que nos ocupa, o concello non se mantivo inactivo senon que procurou buscar unha alternativa á demanda da interesada malia que non fora posible atopar unha satisfactoria para toda a veciñanza, según nos indican no informe municipal. Con todo, unha solicitude expresa da interesada, o procedente é a *emisión dunha resolución administrativa*, á que a interesada poida opoñerse polos leitos legais oportunos se así o considera.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello a seguinte **suxestión:**

***Ditar resolución expresa sobre a solicitude de cambio de localización dos contedores, con indicación expresa dos recursos que procedan contra a devandita resolución.***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo